

CIRCULAR DE INICIO DE CURSO 2014-15



Enviamos a todos un cordial saúdo de benvida, especialmente para os que neste curso se incorporan a Comunidade Educativa do CEIP “JUAN FERNANDEZ LATORRE “.

De seguido informámosvos dalgúns temas de interese para ter en conta durante o curso 2014–2015:

- ✓ O curso abrangue **dende o 10 de setembro de 2014 ata o 19 de xuño de 2015**. A xornada lectiva será continua, cun horario **de 9:00 a 14:00 h.**
- ✓ O alumnado de EDUC. INFANTIL de **tres anos** seguirá o horario establecido para o **Período de Adaptación ata o 24 de setembro**.
- ✓ Os períodos vacacionais serán :

NADAL: Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro de 2015 (ámbolos dous inclusive).

ENTROIDO: 16, 17 e 18 de febreiro de 2015.

SEMANA SANTA: Do 30 de marzo ao 06 de abril de 2015 (ámbolos dous inclusive)

DÍAS NON LECTIVOS: 31 de outubro (día do ensino), 3 de novembro e 4 de maio.

- ✓ A entrega do Boletín Informativo sobre o rendemento escolar do alumnado, terá lugar antes das vacacións de Nadal (1ª avaliación) , o 27 de marzo (2ª avaliación) e o 19 de xuño (3ª avaliación).
- ✓ **A convocatoria das primeiras reunións das familias cos correspondentes titores as serán seguindo este calendario:**

Día	Hora	Cursos
15 de setembro	16 h.	4º EP
22 de setembro	16h.	3 anos e 6º EP
22 de setembro	17 h.	3º EP e 5º EP
29 de setembro	16h.	4 anos e 2º EP
29 de setembro	17h.	5 anos e 1º EP

- ✓ Como é habitual, os luns , en horario de 16 a 17 h. será posible realizar entrevistas cos titores e o resto do profesorado previa petición de cita.

- ✓ Dende o día 10 de setembro funcionará o COMEDOR do Centro tanto coa opción de comer regular como esporádicamente. Tamén o servizo de MADRUGADORES coas opcións: con almorzo e sen almorzo. (xestionados pola empresa Jardanay e a ANPA)
- ✓ A Biblioteca do Colexio abrirá os venres de 16 a 17,30h. preferentemente para o alumnado de primaria.
- ✓ Recordamos a toda a Comunidade Escolar as **prohibicións tanto de fumar** dentro do recinto escolar, como a de **entrar con animais**. O recinto escolar inclúe patios e zonas axardinadas.

Agardamos a vosa colaboración no cumprimento do documento de *Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOF)* do que salientamos os seguintes puntos:

- ✓ O Colexio **abrirá** diariamente as súas portas ás **8,50h**.
- ✓ O alumnado debe **entrar e saír** sempre **polas portas asignadas**.
- ✓ Non se autorizará a presenza de familiares do alumnado polos corredores en horario lectivo, agás para acceder á zona administrativa.
- ✓ Non solicitar á atención do profesorado no momento das entradas e saídas. Por favor notifícase as incidencias a través dunha tarxeta, por escrito, non verbalmente.
- ✓ Ao alumnado non se lle permite o uso de teléfonos móbiles, reprodutores de música e calquera outro aparello electrónico dentro do recinto escolar.
- ✓ As saídas ou entradas do alumnado fora do horario establecido, xustificaranse debidamente ante a titora ou titor. Igualmente as faltas de asistencia e puntualidade de un ou varios días, deberán xustificarse.
- ✓ As reiteradas faltas de asistencia e **puntualidade** ás actividades lectivas serán corrixidas seguindo as indicacións do recollido do documento de NOF.
- ✓ Nas actividades extraescolares, comedor e madrugadores tan só poderá participar o alumnado previamente inscrito.
- ✓ Segundo a Lei de Convivencia do 30 de xuño de 2012, lembramos ás familias
“o deber de respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias”

Podedes atopar máis información sobre o Colexio, documentos, circulares, enlaces, fotos, etc, visitando a nosa web <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipfernandezlatorre/>

Para calquera **dúbida, solicitude ou suxerencia de calquera tipo** estamos a vosa disposición no telf/fax 981133029, ou no enderezo electrónico ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.es

Grazas pola vosa colaboración e feliz curso a todos e todas.

A Coruña a 10 de setembro de 2014